



BANDO

**MARIA TERESA BARGE BELLO, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE A BOLA (OURENSE),
INFORMA:**

Que Augas de Galicia, organismo dependente da Xunta de Galicia, convoca liñas de axuda para mellora das instalacións de comunidades de usuarios de abastecementos para o consumo humano. (código de procedemento AU232A).

REQUISITOS

- a) Estar legalmente constituídas como titulares dunha concesión de aproveitamento de augas para consumo humano antes do 1 de Xaneiro de 2026.
- b) Non ter sido sancionadas nin obrigadas á reposición da legalidade polo organismo por resolución firme posterior ao 1 de xaneiro de 2020.
- c) Estar ao día no cumprimento das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e non ter pendente de pagamento en período executivo ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia e, nomeadamente, con Augas de Galicia. Huvhbi9

CONTÍA DA AXUDA

Será subvencionable o 80% do investimento, cun máximo de 15.000€.

PRAZO DE PRENTACIÓN

Dende o 16 de Febreiro ata o 16 de Marzo de 2026.

DOCUMENTACIÓN PARA A SOLICITUDE

- a) Documentación acreditativa do poder de representación da persoa que se comunicará con Augas de Galicia.
- b) Memoria descritiva das obras ou do equipamento, asinado electrónicamente, que inclúa:
 - Descrición xeral do sistema de abastecemento: localización das captacións, dos tratamentos e dos depósitos existentes. Así como, indicación da inexistencia de alternativas de abastecemento, de ser o caso.
 - Xustificación das actuacións solicitadas.
 - Plano ou esquema da localización da actuación. - Fotografías recentes, previas á actuación.
 - Orzamento detallado.

Para máis información poden dirixirse as dependencias municipais en horario de 9:00 a 15:00 horas, ou chamar por teléfono ao **988451293**

A Bola, 13 de Febreiro de 2026.

A Alcaldesa

MARIA TERESA
BARGE (R:
P3201500J)

Firmado dixitalmente
por
MARIA TERESA BARGE
(R: P3201500J)
Fecha: 2026.02.13
10:08:41 +01'00'